



Boletín de Medio Ambiente



Árbore senlleira: Eucalyptus globulus

Concello: Santiago de Compostela

Localización: ao final do Paseo da Ferradura preto da Porta dos Leóns.

Curiosidades: no Paseo da Ferradura de Santiago hai tres eucaliptos catalogados como árbores senlleiras. Un dos máis coñecidos é o “eucalipto dos namorados” con 120 anos de idade, mide 40 metros e ten un diámetro de 8 metros, con sete bancos que o rodean e vistas á Catedral. Conta a lenda que quen se queira casar ten que darse unha volta por este xigantesco eucalipto.

Noticias

Un mundo de plástico

Desde 1950, cando se comezou a fabricar masivamente o plástico, a industria produciu un total de 8.300 millóns de toneladas deste material. Estímase que o 30% segue en uso, pero o resto, uns 6.000 millóns de toneladas convertéronse en residuos. Tan só o 9% foi reciclado, o 12% incinerado, e o resto, un 79% acumulouse en vertedoiros ou se atopa flotando nos nosos océanos.

O estudo, realizado por científicos da Universidade de Xeorxia, a Universidade de California e a *Sea Education Association*, contabilizou a produción e o destino do plástico producido polo ser humano nos últimos 65 anos. Estímase que si as necesidades de uso continúan ao mesmo nivel no ano 2050 produciranse un total de 34.000 millóns de toneladas.

Fonte: La Vanguardia

Os desprazados climáticos xa son unha realidade

Grand Isle (Luisiana) foi golpeada por unha das primeiras grandes tormentas da tempada de furacáns. As ondas de Cindy roubaron 10 metros a unha illa de pouco máis dun quilómetro de ancho, e esa perda de terra súmase aos 50 metros gañados polo mar nas últimas tormentas que golpearon a localidade.

A conta atrás que experimentan moitas zonas costeiras de Estados Unidos xa chegou a cero noutros casos, como o de Shishmaref, en Alaska, que desde os anos 60 viu mergullarse baixo as augas o 98 % do seu territorio. O pasado verán os seus residentes votaron a favor de abandonar a illa que ocuparon desde hai máis de 400 anos dedicados á pesca.

Fonte: ABC

O cambio climático alterará a aviación

Un estudo revela que as altas temperaturas e as ondas de calor, provocadas polo cambio climático, poderían chegar a cancelar ata o 30% dos voos programados. Si as temperaturas son moi altas os avións non poden despegar, a elevación das temperaturas supón a perda de densidade do aire. A única solución viable, ademáis de cancelar o voo, sería eliminar combustible, cargamento ou pasaxeiros. Estímase que se terá que reducir polo menos un 4% a capacidade de combustible e peso dos avións para que poidan despegar nos días máis calorosos.

A veracidade do estudo viuse revelada no pasado mes de xuño. A compañía aérea American Airlines viuse forzada a cancelar 40 voos que partían da cidade de Phoenix, Arizona, polas altas temperaturas, de 48 graos centígrados, sufridas na cidade.

Fonte: The New York Times

O pangolín en grave perigo

O pangolín é un mamífero con aspecto de lagarto e recuberto de escamas, que habita nas zonas tropicais de Asia e África. Pero a caza deste animal aumentou un 150% nos últimos 40 anos. É un animal moi cobizado en China, a súa carne é considerada un manjar e as súas escamas considérase que teñen propiedades medicinais.

A súa caza está prohibida en numerosos países africanos, pero aínda así se atopan numerosas trampas para darlles caza. Un recente estudo da Universidade de Essex, Reino Unido, revelou o gran perigo no que se atopa esta especie. A investigación mostra que 2,7 millóns de pangolíns son cazados nos bosques de África, sendo máis cobizado que o marfil dos elefantes. Os autores da investigación piden a protección do animal e que se endurezan as leis para previr a comercialización internacional do mamífero.

Fonte: Muy Interesante

Como cargar o teu móbil sen enchufes

Cada vez créanse máis *gadegts* para utilizar enerxías alternativas. Por exemplo baterías externas cunha placa fotovoltaica capaz de cargar dous teléfonos á vez ou un dúas veces. Ou unhas flores de escritorio moi orixinais, un xirasol de 22 centímetros de altura, produce enerxía no canto de pipas grazas ao seu panel solar que colleita ata 2.500 mAh na súa batería. Ou mesmo, un forno de leña portátil con xerador eléctrico que permite cociñar e cargar o móbil á vez.

Fonte: El País

Francia pechará ata 17 dos seus 58 reactores nucleares en oito anos

O ministro de Ecoloxía explicou o método para reducir a proporción da enerxía nuclear na xeración de electricidade en Francia. Agora representa un 75%. En 2025 debe baixar ata un 50% para poder cumprir a lei.

Mentres países como Alemaña xa teñen avanzado o calendario para cerrar todos os seus reactores, Francia mantén a enerxía nuclear como un alicerce da súa independencia xeopolítica e enerxética.

Fonte: El País

Sabías que...

reciclando tan só 3 botellas de vidro aforras a enerxía equivalente a 2 días enteiros usando unha televisión con categoría enerxética A + + + . O vidro é un material 100% reciclable, pero si non o reciclamos tardará 4.000 anos en degradarse.

Boas Prácticas

O Concello de Santiago implantará puntos de carga para coches eléctricos

O Concello de Santiago incorporará vehículos eléctricos e puntos de carga en Belvís e Xoán XXIII para este tipo de coches. O edil Jorge Duarte explicou que o Concello comprará dous vehículos eléctricos para incorporalos ao parque móbil municipal. Tamén, avanzou que adquirirá este tipo de vehículos no contrato para renovar parte dos da policía municipal. Así como a incorporación de autobuses híbridos para o transporte público.

Fonte: La Voz de Galicia

Veciños de San Sadurniño lánzanse á caza dá vespa velutina

As vespas velutinas invaden Galicia como inimigo número un das nosas abellas. Por iso é polo que, desde hai tres anos, a Xunta ten posto en marcha medidas de control. Sen embargo, non son suficientes segundo obsérvase en concellos como o de San Sadurniño, onde vos veciños loitan coas súas propias forzas contra a velutina, con traxes e pértegas cedidos pola administración local, xa que hai un flagrante atraso por parte de Xunta en atender estas urxencias.

Fonte: El Correo Gallego

Brigada Medioambiental no Concello de A Baña

O Concello, baixo a financiación do Plan de Medio Ambiente (PMA) da Deputación da Coruña, contratou a 5 peóns forestais durante cinco meses para que levan a cabo tarefas de limpeza das marxes dos ríos, zonas degradadas, e labores de limpeza e mantemento dos núcleos rurais e roteiros de sendeirismo.

Fonte: Deputación da Coruña

Muíños eólicos flotantes

Na costa noroeste de Escocia, na cidade de Peterhead, está a formarse a primeira granxa eólica con turbinas flotantes. Esta nova tecnoloxía permite instalar turbinas en augas con gran profundidade, algo que coas turbinas actuais non era posible, polo que permitirá a países como Xapón e Estados Unidos, con augas moi profundas, instalar muíños de enerxía eólica nas súas costas.

A primeira turbina foi instalada a 25 km da costa, e espérase que a finais de mes as últimas catro turbinas se atopen ancoradas e comece a funcionar o parque eólico, ao que denominaron como Hywind.

Fonte: BBC

Axenda Ambiental

- 4/08/2017 – 6/08/2017 Feria de produtos artesanais e ecolóxicos Burela Produart.
- 27/08/2017 – 01/09/2017 – World Water Week en Estocolmo.
- 05/09/2017 – Premios Ebbe Nielsen 2017.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal